



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN - SALÓN PLENOS CASA DO CONCELLO 26 DE AGOSTO DE 2021

No día de hoxe, ás 20.04 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE: José Luis García López

ASISTEN:

Miguel Angel Vallo Camba

M^a del Carmen Torreiro González

Manuel Rodríguez Santos

Aurora Varela Duro

Jesús Manuel Segade González

Rafael Rivadulla Varela

Jesús Gómez Camino

Cristina Castro Pampin

Xoan Xesús Carril Ramos

Lucia López Sobrado

Emilio García Vázquez

Begoña Balado Conde

SECRETARIA: Rebeca Vázquez Vázquez



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

1.- APROBACION SE PROCEDE, ACTAS SESIÓN/S ANTERIOR/ES.

Por non terse repartido xunto coa convocatoria actas plenarios de sesións anteriores para a súa aprobación , polo Alcalde pásase o seguinte punto da orde do día.

1. .DITAME APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA REGULADORA SERVIZO TAXI.

A secretaria da lectura da proposta de acordo, ditaminado desfavorablemente na Comisión de informativa para asuntos do pleno e control da xestión municipal , de data 23/08/2021, cuxo contido e o seguinte:

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas contra a aprobación inicial indicadas nos considerandos deste acordo e coa motivación sinalada nestes considerandos .

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente Ordenanza reguladora do servizo de taxi en Arzúa .

TERCEIRO.- Publicar o texto íntegro da ordenanza no BOP , e taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal entrando en vigor de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases do réxime local e unha vez se publique o acordo e pase o prazo indicado no artigo 65.2 da citada Lei dando traslado deste acordo ó Estado e a CCAA aos efectos oportunos.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

De seguido interveñen:

* A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para indicar, vai votar a favor porque cre que é unha ordenanza necesaria e xa explicou moitas veces os motivos.

* O Sr. Carril Ramos (do BNG) para manifestar:

-Que van votar en contra da aprobación desta ordenanza, xa o fixeron dende o primeiro pleno que se trouxo o tema dos taxistas

-Que entenden que esta ordenanza fíxose, simplemente para favorecer a un familiar do alcalde, non se contou cos taxistas, xa que prexudicase os taxistas da vila e os usuarios dalgunhas parroquias, que antes tiñan servizo de taxi e agora vanse quedar sen ese servizo

-Que parece ser que hai unha promesa de arranxar este problema con diñeiro, aínda que eles non teñen constancia oficial diso, deberase de atender as alegacións dos taxistas, entenden que esta manobra que se esta a facer agora é unha cacicada en toda regra.

-Que algúns grupos políticos da oposición si que lle deron algunhas esperanzas os taxistas, cunhas manobras un pouco torceteiras, quizais de aprobarse esta ordenanza de lugar a un longo percorrido xudicial entre o concello e parte dos taxistas, verase que consecuencias trae.

*O Sr. Rivadulla Varela (do PP) para indicar:

-Que como xa dixeron en anteriores ocasións, xa que isto ven dende o ano 2020, van votar en contra, eles quixeron apoiar dende o principio a constitución dunha asociación local de taxistas porque non hai, por esa razón cando se empezou coa redacción do texto da ordenanza se lle dou voz a entidades de nivel provincial, se houbera unha de nivel local sería o primeiro paso a dar.

- Que o concello se quixera, podería haber tido reunións cos taxistas porque son moi poucos, e podería haber chegado a un acordo e coller algúns puntos de acordo que ían



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

mais alá desta petición, petición de liberdade de parada, que como ven dixo o concelleiro do BNG ven motivada porque un familiar do alcalde o solicita, se o solicitara outra persoa estaría a cousa como moitas que se traen o concello, o alcalde non di que non pero vai demorando. A ordenanza non estaría se fixera outra persoa a petición.

- Que lle gustaría que nesa ordenanza apareceran certas cousas que no seu día eles aportaron, pero que non se chegaron a acordar, porque faría falta unha negociación cos taxistas

-Están o tanto entre as negociacións entre taxistas, concello e o implicado en cuestión, e non saben se isto vai chegar a algún lugar, que lle gustaría que tiveran unha asociación constituída e que todos os pasos se deran co concello foran a través da asociación, pero non perde a esperanza e o final dean amañado.

- A pesar que aprobaron a liberdade de parada nunhas condicións que serían as correctas, como un informe da consellería co número de licenzas que lle corresponden ao concello, ver cales eran esas condicións e a partir de ahí falar de liberdade de parada.

*O alcalde para indicar:

-Que todo o que o levou a seguir con esta ordenanza está no informe que fixo, o cal cre que está ben feito e ben motivado, e non vai entrar en cousas que nin sequera se deberían mencionar no pleno a non ser que haxa unha seguridade.

- Que lle gustaría que non se falara dos taxistas senón dun grupo de taxistas, porque non todos están de acordo coa postura que están defendendo.

-Quere deixar constancia neste pleno, que responsabilidade con este tema temos todos os grupos políticos, porque o partido popular foi quen regalou todas as licenzas e bastante rédito electoral lle estivo sacando durante moitos anos a esa distribución de paradas, co cal teñen todos bastante que rascar, no caso do BNG, durante o período que gobernaron houbo algunha xubilación e tampouco tomaron a decisión de retirar



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

esas licenzas, que defendedes que sobran no concello.

-Que , como xa preguntou noutro pleno que é o que se vai facer cunha próxima xubilación, retirase a licenza ou poderaa vender, creo que os taxistas non estarían en contra de que se vendera, entón non sabe onde está o problema de que haxa licenzas demais. Para el tal como se fixo ata o de agora sería unha inxustiza que esa persoa se xubilara en non poidera vender a súa licenza como fixeron outros.

*Intervén o alcalde para manifestar:

- Que no fondo non ven tan estrambótico a liberdade de parada, porque se xustifica co que se ten dito, pero como se lles esta dando unha boa oportunidade de facer oposición con este asunto.

- Que non se trata ou non de favorecer a un familiar, se un familiar fai unha solicitude vaina tratar de resolver como pense que é o mais xusto, por ser familiar tampouco o vai prexudicar. Ata agora o que lle salvou para seguir como alcalde, porque bastantes intentos houbo de sacalo da alcaldía, foi o medo a non perder o sillón, segundo carril este tema vai ter un longo percorrido xudicial se iso me leva a unha inhabilitación, pois para eso está, nunca pensou coma outros que quería xubilarse no posto, as veces nin contesta a cousas que din na radio, porque non quere insultar a intelixencia da xente. Dentro de dous anos volve a haber eleccións e a xente decidirá se o que de alcalde ou non, e se non se presenta todo solucionado.

- Que o expediente do taxi é un expediente limpo e xustificado, o informe da secretaria tampouco fai fincapé en nada do que se esta debatendo aqui, e cada un é libre de ir a onde queira.

- Que o de arranxar este problema con cartos, xa non o vai a mencionar.(pide o concelleiro Carril Ramos que conste en acta do expresado polo Alcalde).

- Que sobre o tema da reunión, reuniuse unha vez con dous taxistas e non vai entrar nas propostas que trouxeron, sinceramente non lle volveu a quedar gana, por detrás



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

andiveron amenazando en vez de ter algún tipo de interese por negociar. Deberían propoñer mais cousas en interese de todos e non o fixeron.

- Se a comparación é con hai uns anos que parecía que non sobaban as licenzas, porque resulta que a xente pagaba ben por elas, e agora resulta que sobran, que yo expliquen. O turismo non era o mesmo, a diversificación do servizo tampouco era o mesmo, e non sabe que problema hai en que todos poidan andar por todos os lados, porque na practica xa andan, polo que non sabe cal é o problema. Ve que algúns xa teñen o servizo moi diversificado en canto os peregrinos e todo o que é o turismo, a poboación de Arzúa dende Semana Santa ata outubro aumenta, e todas as ganancias lle veñen agora a través dos peregrinos e iso non é comparable a hai uns anos. Que o final o que se busca é desfacerse de certas licenzas, abriuse unha rendixa, e o que se intenta e eliminar as licenzas que están nas parroquias ,porque esas licenzas van ter pouca demanda.

SEGUNDA ROLDA DE INTERVENCIÓNS.

*O Sr. García Vázquez (de CxG) indicou:

-Que lembren o percorrido que tivo isto, recorda aquí os taxistas no seu día, eliminarase un punto da orde do día, tivo un recorrido de volta e media.

-Que democraticamente non ten pinta de que fora unha actuación política, pero si da a sensación de que se quere beneficiar algo, esa é a percepción que recolle este punto que se vai votar hoxe.

Manifesta o alcalde, que quere lembrar que a maior parte das alegacións foron admitidas.

*A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) manifestou:

- A nota de prensa que mandaron a radio Arzúa, era unha nota de prensa chea de mentiras, esa nota redactouna alguén que está aquí, un membro dunha formación política.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

-Nesa nota falase de que non houbo reunións, e como dixo o alcalde viñeron unha vez aquí dous dos taxistas, e despois viñeron outra vez, e non nos volveron a chamar.

-Que as cacicadas que di o concelleiro do BNG, gustaríalle saber a que cacicadas se refire.

- Que pode dicir que ela recibiu ameazas e ten testemuñas.

* O Sr. Carril Ramos (do BNG) manifestou:

-Que cre que se explicou bastante ben e xa dixo o que se refería por cacicadas.

-Que se a concelleira fala de ameazas, debería dicir quen a ameazou.

-Que a nota de prensa, se foi un membro desta corporación, tamén debería dicir quen foi

-Que non contestan as notas de prensa da radio, pero poden dicir o que lles dea a gana e xa non hai opción de replica.

-O alcalde intentou levar o debate a outro lado, o de diminución de número de prazas, nunca dixeron que houbera moitas prazas no concello, non están en contra de que vendan as paradas a xente que se vai xubilar e entenden que debe estar regulado por lei como en todos os sitios, están en contra de que unha parada que foi concedida nunha parroquia, segundo o alcalde polo PP que gobernaba naquel momento, a unha persoa que ía nas listas do PP argumentando a necesidade de uso nesa parroquia, que agora se queira cambiar para Arzúa.

-Que segundo di o alcalde agora hai moi pouca demanda no rural para as paradas de taxi, lembrese do informe que fixo o grupo de goberno onde dicía todo o contrario, e xa lle dixeron naquel momento que había moitas contradicións, porque argumentaban que co camiño de Santiago en Boente e coa ferverza das Hortas en Dombodan aumentaba o número de usuarios nesas zonas e había que habilitar os taxistas do pobo para que foran para alí, e agora di o contrario que dixo o grupo de goberno nese informe que se presentou no pleno telemático de hai catro meses.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

* O Sr. Rivadulla Varela (PP) indicou:

-Que falase do que facian compañeiros e excompañeiros do PP, el entrou 15 de xuño de 2019, e do que pasara antes non se fai responsable, todos os que están aquí tiveron un pasado en lexislaturas anteriores como o concelleiro de CxG, o alcalde no BNG e o Sr. Carril Ramos, no seu caso non se pode aplicar.

- Que o da reunión cos taxistas, xa ten comentado varias veces o alcalde que mentres non haxa unha petición oficial para el era como se non existiran esas peticións, é verdade que os taxistas non solicitaron por escrito unha reunión, pero sería obriga do alcalde da dar o 1º paso en convocar por escrito os taxistas e chegar a unha solución consensuada

- Que respecto a nota de prensa, eles estan para o que a xente lles pide, se esta nas súas mans fanno, senón non, non son incitadores de nada.

* O alcalde contesta:

* Ao Sr. Carril Ramos, o tema da radio sempre foi así, se se manda unha nota de prensa, sempre hai opción a contestar e despois xa non hai opción a contestar.

- O do camiño de Santiago xa llo explicara da outra vez, se non o quere entender é o seu problema, a outra vez díxolle dúas cousas:1. Que a persoa que fai a solicitude ten un escrito da asociación de veciños e sinaturas decindo o pouco que se utilizan as paradas.2. Explicoulle que se en Boente, en Dombodan, no camiño do Norte estaba aumentando o turismo, os turistas onde chaman é o teléfono central da parada de taxis de Arzúa, durante o verán chaman os taxis de Arzúa o taxi de Boente para que faga as viaxes. Non sabe que sin sentido é a liberdade de parada cando na práctica xa existe, é unha ordenanza de futuro, que vai servir para moitos anos, e que se poida ir mellorando e que se un día os taxistas queren facer unha asociación sexan eles quen promovan certas modificacións que se poderán incluír na ordenanza.

-Le a seguinte noticia "A Cañiza concentra as paradas de taxi na rúa Vilanova e eliminan os



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

taxis parroquiais” polo que non son os unicos que estan facendo este barullo segundo o BNG

- Ao Sr. Rivadulla Varela, que para o que lle convén non lle gusta que se faga referencia a periodos anteriores e para o que conven si que lles gusta, sobre todo a hora de facer votos segundo con quen.

-De todas formas o mesmo que el escoita outras cousas eles tamén as teñen que escoitar, e depende para que se faga referencia o pasado, para el o problema estivo nese pasado, e das licenzas bastante se aproveitou o partido popular delas durante moitos anos.

-Que non sabe cando dixo que cando non había unha solicitude por escrito non había unha reunión, se por unha cousa e valorado, é que sempre se atende a todo o mundo, a non ser que estea nunha reunión ou xunta, e os taxistas recibíunos e non o pediron por escrito.

- O partido popular con respecto a esta ordenanza xogou moi sucio, sen embargo o BNG mantívose na súa postura estea ou non de acordo con ela.

Tras o exposto o Sr. alcalde someteu a votación este ditame, por 7 votos a favor (6 votos dos concelleiros/as AxA , 1 concelleira do PsdG-PSOE) e 6 en contra (3 dos concelleiros/as do PP, 2 dos concelleiros /as do BNG e 1 do concelleiro de CxG) o Pleno ACORDOU:

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas contra a aprobación inicial indicadas nos considerandos do acordo da CI de data 23/08/2021 e coa motivación sinalada nestes considerandos .

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente Ordenanza reguladora do servizo de taxi en Arzúa cuxo texto se anexa o presente acordo.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

TERCEIRO.- Publicar o texto íntegro da ordenanza no BOP , e taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal entrando en vigor de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases do réxime local e unha vez se publique o acordo e pase o prazo indicado no artigo 65.2 da citada Lei dando traslado deste acordo ó Estado e a CCAA aos efectos oportunos.

TEXTO APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA REGULADORA SERVIZO DE TAXI NON CONCELLO DE ARZÚA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non Diario Oficial dá Comunidade Autónoma de Galicia de data 14 de xuño e 2013 publicase a Lei 4/2013, do 30 de maio de Transporte Público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

A Comunidade Autónoma de Galicia promove así unha ordenación legal do sector do transporte público de persoas en vehículos de turismo.

A disposición derradeira terceira dá citada norma concede aos Concellos un prazo dun ano dende a entrada en vigor da lei para a adaptación das súas ordenanzas ao previsto na mesma.

No Diario Oficial dá Comunidade Autónoma de Galicia de data 1 de outubro de 2018 foi publicado o Decreto 103/2018 de 13 de setembro polo que se aproba o Regulamento desta lei 4/2013 de 30 de maio de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia .A disposición adicional segunda regula a adaptación de ordenanzas municipais sinalando que os concellos adaptarán as súas ordenanzas reguladoras do servizo de taxi ao previsto neste decreto non prazo dun ano dende a súa entrada en vigor .

Esta Ordenanza propónse dacordo co disposto na Lei 4/2013 do 30 de maio de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e no Decreto 103/2018 de 13 de setembro polo que se aproba o regulamento desta lei , xunto có artigo 25.2.g) da Lei 7/85, do 2 de abril de bases de réxime local.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1.- OBXECTO.

A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación do réxime xurídico aplicable ao servizo de taxi prestado ao amparo das licenzas de taxi do Concello de Arzúa .

Artigo 2.- ÁMBITO DE APLICACIÓN.

O ámbito de aplicación da presente ordenanza será o termo Municipal de Arzúa .



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Artigo 3.- DEFINICIÓNS.

Aos efectos dá presente ordenanza enténdese por:

- a) Servizos de taxi: transporte público e discrecional de persoas viaxeiras realizado por persoas físicas en vehículos de turismo que contan con signos distintivos de taxi e que se realiza por conta allea mediante retribución económica suxeita a tarifa dispoñendo dos correspondentes títulos habilitantes para a prestación do servizo.
 - b) Servizos urbanos: son servizos de taxi que transcorren integramente polo termo municipal do Concello de Arzúa ou, de ser ou caso, dunha área territorial de prestación conxunta establecida dacordo co previsto na normativa aplicable.
 - c) Servizos interurbanos: son os que non esteñan comprendidos na definición anterior.
 - d) Áreas territoriais de prestación conxunta: as áreas xeográficas de carácter supramunicipal que poden ser constituídas de conformidade coa Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia cando existe interacción ou influencia recíproca entre os servizos de taxi dos municipios que as integran.
 - e) Transporte público: aquel transporte que se desenvolva por conta allea mediante retribución económica.
 - f) Transporte discrecional: transporte que se efectúa sen suxeición a un itinerario, calendario ou horario preestablecido.
 - g) Titular: persoa que dispón dous títulos habilitantes precisos para a prestación de servizos de transporte público de persoas en vehículos de turismo.
 - h) Conductor ou conductora de vehículo de turismo de transporte público de persoas: persoa física que guía un vehículo de turismo dedicado á prestación dús servizos de taxi, ben por ser titular dous títulos habilitantes requiridos na normativa, ben por ser asalariado/a daquel, e que dispón do permiso de condución esixido na lexislación vixente e conta coa correspondente capacitación profesional establecida legalmente.
- Estarase ao establecido na normativa aplicable á materia naqueles conceptos non definidos na presente ordenanza.

O transporte de persoas en vehículos de turismo axustarase aos seguintes principios:

- a) A responsabilidade pública, fundamentada non interese xeral do transporte público de persoas en vehículos de turismo, coa finalidade de garantir que a prestación dese servizo se faga en condicións de calidade e suficiencia ás persoas consumidoras e usuarias e de fomento dá competencia entre operadores.
- b) A universalidade, accesibilidade e continuidade na prestación dús servizos de taxi, procurando, particularmente naquelas zonas onde exista unha falta de cobertura deles, unha suficiencia do servizo e tamén acadar ou equilibrio económico dá actividade mediante a limitación non número de habilitacións e ou establecemento de tarifas obrigatorias.
- c) A calidade na prestación dos servizos e o respecto dos dereitos das persoas usuarias recoñecidos pola lexislación vixente e a incorporación dos avances técnicos que permitan a



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

mellora das condicións dá prestación do servizo e da seguridade persoal dos condutores e condutoras, así como das persoas usuarias, e a protección do medio ambiente.

Artigo 5.- RÉXIME XURÍDICO.

No non previsto na presente Ordenanza ou nas súas disposicións complementarias serán de aplicación a normativa na materia en vigor na Comunidade Autónoma de Galicia e, con carácter supletorio as disposicións estatais que lles sexan aplicables.

TÍTULO II. RÉXIME XURÍDICO DA ACTIVIDADE DE TAXI.

CAPÍTULO I. TÍTULOS HABILITANTES.

Artigo 6.- TÍTULOS HABILITANTES.

- a) A prestación do servizo de taxi está suxeita á obtención previa dos correspondentes títulos administrativos que habiliten aos seus titulares para exercer a dita actividade: obtención da licenza de taxi e autorización interurbana de taxi.
- b) Constitúen títulos habilitantes para a prestación dúas servizos de taxi os seguintes:
 - As licenzas de taxi: habilitan para a prestación dos servizos urbanos de taxi sendo outorgadas polo Concello ou, de ser ou caso, pola entidade que asuma a xestión dunha área territorial conxunta que se poida crear segundo ou disposto na normativa vixente.
 - As autorizacións interurbanas de taxi: permiten a prestación dos servizos interurbanos de taxi e son outorgadas polo órgano competente da Consellaría que teña atribuídas as competencias en materia de transportes.
- c) Corresponde ao Concello de Arzúa ou outorgamento dá licenza de taxi e ao órgano competente da Xunta de Galicia en materia de transporte a concesión da autorización interurbana.
- d) As licenzas de taxi e as autorizacións interurbanas de taxi estarán vinculadas e a súa obtención efectuarase mediante ou procedemento regulado na normativa aplicable.
- e) Os títulos habilitantes outorgaranse sen prazo de duración prefixado, ben que a súa validez quedará condicionada ao seu visado periódico por parte do órgano ou órganos competentes en cada caso e segundo ou establecido ao efecto pola lexislación vixente.

Artigo 7.- REQUISITOS PARA A TRAMITACIÓN DÁ TITULARIDADE DÁ LICENZA DE TAXI.

Só poderán ser titulares de licenzas de taxi as persoas físicas que acrediten ou cumprimento dos requisitos establecidos na normativa vixente aplicable á materia.

Artigo 8.- NÚMERO MÁXIMO DE LICENZAS.

O número máximo de licenzas das que disporá ou Concello de Arzúa será a establecida na normativa vixente aplicable á materia.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Deberase contar co número mínimo de licenzas adaptadas establecido pola normativa de aplicación.

Artigo 9.- LIMITACIÓNS NA TITULARIDADE DÁS LICENZAS.

- a) O número máximo de licenzas de taxi por titular será de dúas, sempre en cumprimento da normativa autonómica en vigor.
- b) Non se poderá ser titular de licenzas de taxi en distintos concellos.

Artigo 10.- ADXUDICACIÓN E OUTORGAMENTO DE LICENZAS.

- a) As licenzas de taxi serán outorgadas polo Concello ou pola entidade competente no suposto de áreas territoriais de prestación conxunta e mediante concurso público ao cal se poderán presentar as persoas que cumpran os requisitos para seren titulares de licenzas de taxi, e sempre cumprindo cos requisitos establecidos na normativa autonómica e estatal aplicable.
- b) O Concello poderá proceder á convocatoria de novas licenzas de taxi, logo da verificación da existencia de dispoñibilidade, segundo ou procedemento establecido na normativa vixente aplicable á materia.

Artigo 11.- SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DÁS LICENZAS DE TAXI.

En canto á suspensión temporal e extinción das licenzas de taxi estarase ao establecido na lexislación vixente.

Artigo 12.- AUTORIZACIÓNS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TAXI INTERURBANO.

Estarase ao establecido na lexislación vixente.

Artigo 13.- VINCULACIÓN DE LICENZAS DE TAXI E AUTORIZACIÓNS INTERURBANAS DE TAXI.

As licenzas de taxi e as autorizacións interurbanas de taxi estarán vinculadas, sendo preciso dispor de ámbolos dous títulos para a realización da actividade, o que implica que a suspensión ou extinción dun título habilitante conlevará a suspensión ou a extinción do outro a que estea vinculado.

O procedemento coordinado para o outorgamento das licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi será ou establecido na normativa autonómica vixente.

Artigo 14.- TRANSMISIÓN DE TÍTULOS HABILITANTES.

En relación á transmisión de títulos habilitantes estarase ao establecido na normativa vixente aplicable á materia.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Artigo 15.- REXISTRO MUNICIPAL DE TÍTULOS HABILITANTES.

- a) O Concello de Arzúa disporá dun rexistro público de licenzas de taxi e de autorizacións interurbanas de taxi no cal figuren a identificación da persoa titular, o domicilio para efectos de notificacións administrativas, o vehículo e os condutores ou condutoras adscritos aos títulos habilitantes e a súa vixencia ou suspensión, así como calquera outro dato ou circunstancia que se considere procedente.
- b) Os titulares das licenzas de licenzas de taxi e de autorizacións interurbanas de taxi están obrigados a comunicar os cambios de domicilio e demais datos e circunstancias que figuran no rexistro municipal de títulos habilitantes no prazo dun mes dende que se produza ou cambio.
- c) O acceso, ou tratamento ou a cesión de datos consignados no dito rexistro axustarase á normativa vixente en materia de rexistros administrativos e de protección de datos persoais. Serán públicos, en todo caso, os datos referidos á identificación do titular das licenzas de taxi e das autorizacións interurbanas de taxi e máis dos vehículos e dos condutores ou condutoras adscritos a estes, así como a vixencia, a suspensión ou a extinción dos títulos habilitantes.

CAPÍTULO II. EJERCICIO DÁ ACTIVIDADE DE TAXI.

Sección 1ª. DOS CONDUTORES E CONDUTORAS.

Artigo 16.- PRESTACIÓN DO SERVIZO.

- a) As persoas titulares de licenzas de taxi e de autorizacións interurbanas de taxi deberán prestar o servizo persoalmente, sen prexuízo da posibilidade de poder contratar persoas condutoras asalariadas que figurarán a xornada completa e con dedicación exclusiva.
- b) Cada de licenza de taxi ou autorización interurbana de taxi non poderá ter adscritas máis de dúas persoas condutoras, incluída a persoa titular.
- c) A relación entre as persoas condutoras asalariadas e as titulares das licenzas de taxi será de carácter laboral.
- d) Os titulares de máis dunha licenza deberán acreditar, ante ou Concello, que exercen a actividade persoalmente nunha das licenzas e poderán explotar a restante mediante persoal condutor asalariado. A persoa titular, sempre que lle sexa requirido, deberá xustificar ou cumprimento das prescricións legais en materia laboral e dá seguridade social relativas ás persoas asalariadas.

En todo ou non recollido no presente artigo deberase atender á normativa vixente aplicable na materia.

Artigo 17.- CONDICIÓNES ESIXIBLES.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Os condutores deberán posuír ou correspondente permiso de condución establecido na lexislación vixente e dispor dá correspondente capacitación profesional que se estableza.

Sección 2ª. DOS VEHÍCULOS AFECTOS ÁS LICENZAS.

Artigo 18.- CLASIFICACIÓN.

Os vehículos adicados á actividade de taxi deberán estar clasificados como turismos e deben cumprir os requisitos establecidos pola lexislación en canto ás súas condicións de seguridade, capacidade, antigüidade máxima, confort e prestacións adecuadas ao servizo ao que están adscritos.

Artigo 19.- NÚMERO DE PRAZAS.

Con carácter xeral ou número de prazas dos vehículos afectos ás licenzas de taxi diporán dunha capacidade mínima de cinco e máxima de sete incluída a persoa condutora. Non obstante ou número de prazas poderá variar segundo estableza a normativa vixente aplicable á materia.

Artigo 20.- SUBSTITUCIÓN.

Requírese para a substitución do vehículo afecto á licenza ou autorización interurbana autorización do Concello, sempre que ou vehículo substituínte sexa máis novo que ou substituído e reúna as condicións establecidas pola normativa para a prestación do servizo.

Artigo 21.- VEHÍCULOS ADAPTADOS.

- a) En canto á existencia de vehículos de taxi adaptados para transportar persoas usuarias con mobilidade reducida e en cadeiras de rodas estarase á normativa aplicable á materia.
- b) Os taxis adaptados darán servizo preferente ás persoas con mobilidade reducida pero non terán ese uso exclusivo.
- c) En canto ao número de vehículos adaptados atenderase á normativa aplicable á materia.

Artigo 22.- IMAXE.

- a) Os vehículos destinados ao servizo de taxi serán dá cor que se estableza regulamentariamente e respectasen os requisitos de imaxe unificada que se podan establecer pola Xunta de Galicia .
- b) Figurará no exterior do vehículo, no centro das dúas portas dianteiras do mesmo, o número de licenza municipal así como o escudo do Concello de Arzúa .
- c) Non interior do vehículo, e en lugar visible, colocarse unha placa co número de licenza municipal.

Artigo 23.- PUBLICIDADE.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

- a) O Concello de Arzúa poderá establecer campañas de promoción publicitaria institucional na parte traseira dos vehículos adscritos ao servizo de taxi. As citadas campañas serán custeadas polo Concello de Arzúa, e non suporán gasto algún para os taxistas.
 - b) O Concello poderá autorizar aos titulares das licenzas de taxi a contratación e colocación de anuncios publicitarios comerciais nos laterais e no frontal do exterior do vehículo.
 - c) En relación ao establecido nos puntos anteriores estarase ao establecido na normativa de tráfico e seguridade viaria vixente e autorizarase sempre que se conserve a estética do vehículo, que a publicidade non impida a visibilidade nin xere perigo e respecte en todo caso os requisitos de imaxe unificada que poda establecer a Comunidade Autónoma.
 - d) Prohibir toda publicidade sexista ou que atente contra os dereitos das persoas.
- En todo caso non poderá contradicirse o establecido na normativa sobre tráfico e seguridade viaria.

Sección 2ª. DÁ CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TAXI

Artigo 24.- CONCERTACIÓN.

A concertación do servizo de taxi efectuarase por petición da persoa usuaria nas paradas establecidas, mediante chamada na vía pública ou a través de calquera medio establecido pola normativa vixente.

Asemade atenderase ao establecido na normativa vixente para ou suposto de concertación do servizo na vía pública e atenderase sempre ao establecido nas disposicións sobre tráfico e seguridade viaria.

A contratación do servizo, como regra xeral, levarase a cabo mediante a contratación da capacidade total do vehículo, salvo que se estableza outra forma polo órgano competente, e sempre en cumprimento do establecido na normativa aplicable á materia.

Artigo 25.- PARADAS.

a) Establécense non Concello de Arzúa os seguintes lugares de parada na que os taxis con licenza municipal de taxi podán estacionar á espera de pasaxeiros e pasaxeirás:

- 1.- Parada de Arzúa : Rúa Alcalde Juan Vidal
- 2.- Parada de Boente :Parroquia Boente
3. - Parada das Hortas Dombodán;

Isto sen prexuízo de que a situación das paradas quede supeditada a calquera modificación que o concello determine con ocasión dos distintos actos e usos a realizar nas vías públicas.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

b) As paradas establecidas estarán correctamente sinalizadas e contarán con accesos a persoas con mobilidade reducida.

c) En todas as paradas estacionarase por orde de chegada , desprazándose cara a diante os primeiros postos por orde de chegada conforme van saíndo os anteriores cando quede espazo dunha praza libre diante do primeiro vehículo .

Considérase perdido ou posto e lugar que se ocupa cando ou vehículo saía dá posición que ocupa na parada non podendo dar marcha atrás nela e sempre que houbera outro vehículo detrás disposto a ocupala.

e) Establecese a liberdade de parada. Os titulares de licenzas de taxi poderan facer uso de todas as paradas reguladas na presente ordenanza.

Artigo 26.- HORARIOS.

a) Os vehículos adscritos ao servizo de taxi deberán coordinarse e informar os usuarios para tentar unha prestación do servizo de maneira continuada, salvo nos supostos de vacacións e descansos, durante as 24 horas do día.

b) Haberá liberdade de quendas.

CAPÍTULO III. RÉXIME ECONÓMICO.

Artigo 27.- Réxime económico.

a) A prestación do servizo de taxi está suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias que garantirán a cobertura do custo real do servizo en condición normais de produtividade e organización e permitirán unha adecuada amortización nun razoable beneficio industrial.

b) En relación ao rexime de tarificación estarase ao establecido na normativa vixente aplicable á materia

c) As tarifas aplicables serán visibles para a persoa usuaria dende o interior do vehículo con indicación dous suplementos e das tarifas especiais que proceda aplicar en determinados servizos.

CAPÍTULO VIN. ESTATUTO XURÍDICO DÁS PERSOAS USUARIAS DO TAXI.

Artigo 28.- DEREITOS DOUS USUARIOS.

En canto aos dereitos dous usuarios do servizo de taxi estarase ao establecido na normativa vixente aplicable á materia.

Artigo 29.- DEBERES DOUS USUARIOS.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

En canto aos deberes das persoas usuarias do servizo de taxi estarase ao establecido na normativa vixente aplicable á materia.

TÍTULO III. INSPECCIÓN, INFRACCIÓN, SANCIÓN E PROCEDIMENTO SANCIONADOR.

Artigo 30.- INSPECCIÓN.

- a) A actividade de transporte de persoas en vehículos de turismo someterase a control administrativo.
- b) A función inspectora exercerase de oficio ou a instancia de parte e ten como finalidade garantir a adecuación da actividade de transporte de persoas en vehículos de turismo ao establecido pola normativa vixente na materia.
- c) As funcións de vixilancia e inspección do servizo de taxi corresponderá ao servizo da Policía Local do Concello de Arzúa, sen prexuízo das competencias que outras administracións públicas teñan atribuídas.
- d) O persoal inspector terá recoñecido ou carácter e a potestade de autoridade pública, estando provisto de documento acreditativo da súa condición, expedido pola administración competente, e que deberá ser exhibido con carácter previo ao exercicio das súas funcións. Asemade gozará de presunción de veracidade e terán valor probatorio, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achegar as persoas interesadas.
- e) Os/as axentes da autoridade pertencentes ao Corpo da Policía Local do Concello de Arzúa serán encargados/as da función de inspección, sendo axentes da autoridade, e identificaranse co distintivo do que dispoñen como tal.

Artigo 31.- INFRACCIÓN.

- a) En relación ás regras sobre a responsabilidade administrativa polas infraccións cometidas estarase ao establecido na normativa aplicable á materia.
- b) Son infraccións as accións e as omisións que contraveñan as obrigas establecidas pola normativa aplicable á materia a título de dolo, culpa ou simplemente inobservancia.
- c) As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves.
- d) Atenderase á normativa aplicable á materia en canto á consideración das infraccións como leves, graves ou moi graves.

Artigo 32.- SANCIÓN.

- a) Atenderase á normativa aplicable á materia en canto á contía da sanción que se impoña pola comisión de infraccións leves, graves ou moi graves referidas non artigo anterior.
- b) A competencia para a imposición das sancións establecidas no apartado anterior respecto da prestación dos servizos urbanos de taxi corresponderá ó órgano municipal



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

correspondente; no resto dous supostos corresponderá ao órgano competente en materia de transportes da Administración Autonómica.

Artigo 33.- PROCEDIMIENTO SANCIONADOR.

O procedemento para a imposición de sancións será o establecido na normativa de procedemento xeral.

A prescrición das infraccións e sancións que se xeren consecuencia da aplicación da presente ordenanza será a establecida na normativa vixente e aplicable á materia.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Disposición Adicional primeira . Réxime supletorio .

Todo o non recollido neste regulamento estará suxeito ao previsto na Lei 4/2013 e normativa de desenvolvemento Decreto 103/2018 de 13 de setembro polo que se aproba ou regulamento de dita lei, no seu defecto polo Regulamento Nacional de Transportes en automóbiles lixeiros e normativa estatal de aplicación e demais normativa vixente aplicable á esta materia.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e transcorrido tamén ou prazo de quince días hábiles regulado no artigo 70.2 en relación có artigo 65.2 dá Lei 7/1985 do 2 de abril comezando a aplicarse o día seguinte a aquel en que isto se cumpra permanecendo en vigor ata que se acorde á súa modificación ou derogación.

Arzúa asinado dixitalmente na data e hora que figura na marxe
O Alcalde :”

3- DITAME MOCIÓN BNG SOBRE PEAXES AUTOVÍAS GALEGAS

A secretaria da lectura da proposta de acordo, ditaminada favorablemente na Comisión de informativa para asuntos do pleno e control da xestión municipal , de data



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

23/08/2021, cuxo contido e o seguinte:

PRIMEIRO.- Amosar a rotunda oposición do Concello de Arzúa á intención do goberno central de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal, por considerala unha medida regresiva que establece barreiras económicas no acceso a servizos básicos como son as infraestruturas viarias, porque incrementa a inseguridade viaria e porque supón un atranco para o desenvolvemento económico e a cohesión social de Galiza.

SEGUNDO.- Dar traslado do acordo deste primeiro punto ao Goberno español, nomeadamente ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, así como, aos grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados.

Sendo o contido da moción, o seguinte:

“MOCIÓN SOBRE AS PEAXES DAS AUTOVÍAS GALEGAS

Xoán Xesús Carril Ramos, portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Arzúa ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno,

Exposición de motivos: Fai uns meses, o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana reabriu o debate sobre o repagamento mediante peaxe das autovías de titularidade estatal, reiterando unha proposta que xa fora anunciada en 2018 e 2019.

Este debate abriuse despois de que a patronal das construtoras, ASEPAN, demandase este tipo de medidas para garantir contratos de concesión. Mais a medida ten tamén outras causas relacionadas co desequilibrio económico nas contas do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana a raíz de dúas decisións:

-O rescate das ruinosas autoestradas radiais madrileñas e doutras autoestradas, con un custe para as arcas públicas de máis de 3.000 millóns de euros.

-A supresión das peaxes en autoestradas nas que caduca a concesión entre 2019 e 2021, o que vai supor un custe duns 450 millóns de euros anuais.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Ademais, o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana tamén aprobou o ano pasado bonificacións para o transporte en determinadas autoestradas, co conseguinte incremento do gasto orzamentario e da dispoñibilidade de recursos.

Como resposta a aquel primeiro anuncio de novembro de 2018, o Pleno do parlamento aprobou un acordo en decembro de 2019, a instancias do BNG, no que manifestaba unha rotunda oposición ao establecemento de peaxes nas autovías de titularidade estatal. Ademais do carácter regresivo e do impacto negativo que tería para as persoas usuarias das autovías, para a seguridade viaria e para a competitividade das nosas empresas, a citada medida hai que analizala no contexto da situación da rede viaria estatal en Galiza e concretamente da situación das autoestradas de titularidade estatal, a AP 9 e a AP53.

Por outra parte, en Galiza existen dúas autovías da Xunta de Galiza con peaxes ás persoas usuarias, a AG 55 e a AG 57, o que supón en agravio e unha discriminación para residentes e empresas das respectivas comarcas, un atranco para a conectividade e a competitividade, e ademais incrementa a inseguridade viaria e merma a calidade de vida na contorna das estradas convencionais que atravesan zonas densamente habitadas.

No caso de Arzúa, compre ter en conta a nosa conexión coa A-54, aínda non rematada e que, tras moitos anos de espera, debería supor un factor de desenvolvemento socio-económico, aproveitando esta infraestrutura para o establecemento de novas empresas e o asentamento de poboación no noso concello, entre outras moitas cuestións.

O establecemento dunha peaxe suporía un efecto moi negativo.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1- Amosar a rotunda oposición do Concello de Arzúa á intención do goberno central de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal, por considerala unha medida regresiva que establece barreiras económicas no acceso a servizos básicos como son as infraestruturas viarias, porque incrementa a inseguridade viaria e porque supón un atranco para o desenvolvemento económico e a cohesión social de Galiza.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

2- Dar traslado do acordo deste primeiro punto ao Goberno español, nomeadamente ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, así como, aos grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados.

En Arzúa, a 16 de agosto de 2021. Xoán Xesús Carril Ramos Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego. “

Realízanse as seguintes intervencións:

*O Sr. Carril Ramos (do BNG) explica a moción:

-Entenden que o que se intenta e recadar cartos doutras autonomías para o rescate das vías públicas das zonas madrileñas e outras.

- En Galicia estamos prexudicados, aínda que houbo un acordo do BNG e o equipo de goberno para rebaixa do peaxe nas autopistas, pero estamos prexudicados con respecto a outras partes do estado.

- Que como resposta a o anuncio no mes de novembro de cobro das taxas de peaxes, no parlamento galego a proposta do BNG foi aprobada por unanimidade o de solicitar o goberno central a retirada desas propostas.

- O que pide o BNG a través desta moción é:

1- Amosar a rotunda oposición do Concello de Arzúa á intención do goberno central de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal, por considerala unha medida regresiva que establece barreiras económicas no acceso a servizos básicos como son as infraestruturas viarias, porque incrementa a inseguridade viaria e porque supón un atranco para o desenvolvemento económico e a cohesión social de Galiza.

2- Dar traslado do acordo deste primeiro punto ao Goberno español, nomeadamente ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, así como, aos grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

-Se se empeza a cobrar taxa pola utilización das autovías, vai traer un prexuízo moi grande para particulares e para as empresas, van aumentar o número de accidentes, xa que a xente ira pola estrada nacional e locais, que en Galicia non se atopan nas mellores condicións.

*O Sr. García Vázquez (de CxG) indicou:

-Quere dar parabéns o BNG por estas iniciativas e solicitar que o equipo de goberno polo menos que se absteña de votar en contra, porque Arzúa esta moi beneficiada coa autovía e na cidadanía de Arzúa tería unha gran repercusión se se pon unha peaxe.

* A Sra. Balado Conde (do PSOE) manifestou:

-Dende de o BNG nomease ao goberno central, pero tamén o fixera o PP no seu momento, son unha serie de medidas que non veñen directamente do goberno que está, senón porque ven dado dende outros ámbitos.

-Vai votar a favor desta moción, porque pensa que sería prexudicial para os veciños/as de Arzúa que tiveran que pagar calquera tipo de peaxe nas autovías.

* O Sr. Rivadulla Varela (PP) indicou:

-Van votar a favor da moción como xa fixeron na comisión, cre que pode beneficiar non só os veciños de Arzúa senón tamén o país, estamos convencidos que o goberno central ten unha teima co tema do transporte, este tipo de medidas son recatorias, e cre que recadan bastante do transporte por outras vías.

- Tamén chama a atención a demagoxia do BNG en mocións deste tipo, igual lles pasa a eles que llas manda o partido , xa que son cuestións de estado, estaría ben que se presentasen mocións que afecten mais directamente os veciños de Arzúa, pero como temos aquí a autovía afectalles en parte.

* O alcalde indicou, que van votar a favor da moción.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Tras o exposto o Sr. alcalde someteu a votación este ditame, por unanimidade (6 votos a favor dos concelleiros/as AxA , 1 concelleira do PsdG-PSOE, 3 dos concelleiros/as do PP, 2 dos concelleiros /as do BNG e 1 do concelleiro de CxG) o Pleno **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Amosar a rotunda oposición do Concello de Arzúa á intención do goberno central de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal, por considerala unha medida regresiva que establece barreiras económicas no acceso a servizos básicos como son as infraestruturas viarias, porque incrementa a inseguridade viaria e porque supón un atranco para o desenvolvemento económico e a cohesión social de Galiza.

SEGUNDO.- Dar traslado do acordo deste primeiro punto ao Goberno español, nomeadamente ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, así como, aos grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados.

4.-DITAME MOCIÓN PP SOBRE MEDIDAS QUE ELIMINEN A DÉBEDA QUE AS ENTIDADES LOCAIS CONTRAERÍAN CO ESTADO E MANEIRA AUTOMÁTICA POLO LIQUIDACIÓN NEGATIVA DA PARTICIPACIÓN EN INGRESOS DO ESTADO 2020

A secretaria da lectura da proposta de acordo, ditaminada favorablemente na Comisión de informativa para asuntos do pleno e control da xestión municipal , de data 23/08/2021, cuxo contido e o seguinte:

PRIMEIRO -. Instar o Goberno da Nación a condonar a débeda xerada pola liquidación negativa da PIE do 2020 para paliar as graves consecuencias que terá sobre os concellos, deputacións, cabidos e consellos insulares no ano 2022.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

SEGUNDO -. Se esta medida non se puxese en marcha, esixir ao Goberno da Nación que apracedous anos a devolución da devandita débeda e posibilite o fraccionamento do pago da mesma en 120 mensualidades (10 anos)- ampliables outros 120 meses máis no caso de que existan problemas de liquidez- como xa se fixo en 2012 coas liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009.

TERCEIRO- Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Facenda e Función Pública e á Ministro de Política Territorial. En Arzúa, ao 17 de agosto de 2021.

Sendo o contido de dita moción o seguinte:

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE ARZÚA PARA INSTAR Ó GOBERNO DE ESPAÑA A POÑER EN MARCHA MEDIDAS QUE ELIMINEN A DÉBEDA QUE AS ENTIDADES LOCAIS CONTRAERÍAN CO ESTADO DE MANEIRA AUTOMÁTICA POLA LIQUIDACIÓN NEGATIVA DA PARTICIPACIÓN EN INGRESOS DO ESTADO DO ANO 2020

O Grupo Municipal Popular no Concello de Arzúa, conforme ao previsto no Regulamento Orgánico Municipal de Arzúa desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de acordo/Moción: EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É un feito que o goberno de España abandonou ás entidades locais na súa loita contra a pandemia. Desde que comezou a crise provocada polo COVID-19, nin Sánchez nin Montero atenderon as peticións dos 8.183 concellos, deputacións, cabidos e consellos insulares españois que, desde o mes de marzo de 2020 e adiantándose en moitos casos Ao goberno de España, puxeron en marcha medidas para evitar a propagación do virus, atender aos seus veciños máis vulnerables e sentar as bases da recuperación económica e social tras a pandemia. Sánchez e Montero incumpriron o seu compromiso de habilitar un fondo COVID de, polo menos, 3.000 millóns de euros para apoiar á administración local na súa loita contra a pandemia.

O único que habilitaron é un fondo para paliar o déficit dos servizos de transporte públicos locais que ademais de ser totalmente insuficiente, ao representar só unha cuarta parte dos 1.725 millóns que todas as entidades locais españolas reclamaban ao goberno de España, aínda non se fixo



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

efectivo. Ademais, o goberno de Sánchez e Montero reduciu a participación da administración local na xestión dos fondos de recuperación europeos a un mísero 1%, 1.483 millóns de euros, dos 140.000 millóns que recibirá España. Unha porcentaxe que queda moi lonxe do 14,6% que representa o gasto público local sobre o gasto público total español. Tratou de apropiarse dos aforros das entidades locais e segue sen devolver os máis de 700 millóns de euros que debe ás entidades locais en concepto de entregas a conta da recadación do IVE do ano 2017. Por se todo este ninguneo e abandono non fose suficiente, ao haberse actualizado en 2020 as entregas a conta que reciben as entidades locais pola participación en tributos do estado (PIE) conforme ao crecemento previsto da economía e non ao crecemento real, as entidades locais han contraído de maneira automática- e sen ningunha responsabilidade pola súa banda- unha débeda de 3.000 millóns de euros co goberno de España derivada dunha liquidación negativa da participación en tributos do estado do ano 2020. 2 Aínda que a Ministra de Facenda e o Presidente do Goberno eran conscientes de que esta liquidación negativa podía producirse, ao longo de 2020 promocionaron como unha gran medida - e case a única senón contamos a suspensión das regras fiscais que derivou dunha decisión da Unión Europea- de apoio ás entidades locais que as entregas a conta se mantivesen referenciadas a unha cifra de crecemento irreal e desproporcionada. E cando quedan seis meses para comezar o ano 2022, o goberno de España non propuxo ningunha medida para evitar que esta liquidación negativa poña en risco a sustentabilidade financeira e a viabilidade de miles de entidades locais que, se esta débeda se materializa, poderían deixar de atender as necesidades dos veciños.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Arzúa, presenta a seguinte:
PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO -. Instar o Goberno da Nación a condonar a débeda xerada pola liquidación negativa da PIE do 2020 para paliar as graves consecuencias que terá sobre os concellos, deputacións, cabidos e consellos insulares no ano 2022.

SEGUNDO -. Se esta medida non se puxese en marcha, esixir ao Goberno da Nación que aprace dous anos a devolución da devandita débeda e posibilite o fraccionamento do pago da mesma en 120 mensualidades (10 anos)- ampliables outros 120 meses máis no caso de que existan problemas de liquidez- como xa se fixo en 2012 coas liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

TERCEIRO- Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Facenda e Función Pública e á Ministro de Política Territorial. En Arzúa, ao 17 de agosto de 2021.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE ARZÚA Rafael Rivadulla Varela .

Deseguido interveñen:

*O Sr. Rivadulla Varela (do PP) que indica:

-No acordo da moción podería meterse algún punto mais, que como comentara na comisión podería haber posibilidade de compensar esa liquidación negativa cos importes do ive de 2017, que debe o goberno as entidades locais, anulando ou rebaixando a débeda, unha proposta mais ambiciosa sería retocar a lei que lle afecta a financiación das entidades locais do 2004, había outra posibilidade de incrementar no 2022 as entregas a conta, para que se compensara a devolución ou reintegro que se debe facer as entidades locais como consecuencia desa liquidación negativa do ano 2000

-Estes tres puntos do acordo de algunha maneira intentaría compensar o que se prometera dende o goberno central para os concellos, deputacións, cabildos e consellos insulares, axudalos polo tema da crise do Covid-19 que o final non se materializou, enton había a posibilidade de coller fondos que ten o Estado paralizados e que deben de revertirse a entidades locais, e non se sabe aínda como se chegaran a aplicar, gustaríalle saber que importe podería afectar a este Concello, había concellos que calcularan o que lles podía impactar, Madrid por exemplo case 250 millóns de euros, en Arzúa non sabe cal podería ser o impacto, o alcalde ten unha nova mais recente, aínda que datos definitivos non hai.

*A Sra. Balado Conde (do PSOE) que manifesta:



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

-Que está moción non se entende moi ben, mesturanse bastantes cousas, o PP debería ter ansia de facer unha moción para a xunta, porque durante toda a pandemia non moveron un pe polos concellos, os concellos tiveron que facerse cargo de todo durante o tempo que durou a pandemia, polo que vai votar en contra.

*O Sr. Carril Ramos (BNG) que manifesta:

-Que vanse abster, porque entenden que é unha moción moi política como a maioría das que se veñen presentando, entre outras cousas na moción nomea a Sanchez e Montero, non fala do goberno, que pasaria se houbera un cambio de goberno e pasara a gobernar o partido popular dentro de 3 ou 4 meses xa non interesaria o rescate.

-Na comisión o Sr. Rivadulla Varela dixo que esto fora inventado por Aznar, logo pasou Zapatero, logo Rajoy e ninguén fixo nada, e agora é o momento de cambialo.

- O PP cando goberna outro fai unhas mocións e o PSOE cando goberna o PP fan as contrarias.

-O BNG ten presentado emendas neste senso nos orzamentos do estado que foron votados en contra tanto polo partido popular como polo PSOE.

-A Xunta de Galicia tamén ten competencias, porque non se pide que isto se faga coa Xunta de Galicia.

*O alcalde indica:

-Que o seu grupo vai votar en contra porque lles parece un pouco prematura esta moción, sería mellor presentala mais adiante cando haxa datos mais concretos e requerir tanto o goberno central como o autonómico.

*O Sr. Rivadulla Varela (PP) manifesta:

-Que a concelleira Sra. Balado Conde comentaba que a Xunta non fixera nada na pandemia, e cre que a Administración que mais gastou nos concellos foi a Xunta e despois da Xunta a Deputación, e o Estado non estaba.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Tras o exposto o Sr. alcalde someteu a votación este ditame da moción presentada polo PP, non aprobando a mesmo, por 7 votos en contra (6 dos concelleiros/as AxA e 1 da concelleira do PSOE), 2 abstencións dos 2 concelleiros/as do BNG e 4 a favor(3 dos 3 concelleiros/as do PP e 1 de CxG), polo tanto dita moción non se aproba.

5.- PROPOSICIÓN CALENDARIO LABORAL 2022 FESTIVOS LOCAIS

Vista a proposta de festivos locais para o ano 2022, asinada polo alcalde con data 23 de agosto de 2021, cuxo contido é o seguinte:

Visto o escrito remitido polo xefa de sección do SMAC , solicitando que envíe a proposta do pleno ou órgano competente, na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable deste termo municipal para o vindeiro ano 2022.

E polo que este alcalde propón (non sendo ditaminado este punto da orde do día en Comisión) pero ante a urxencia da adopción de acordo por ter que remitirse antes do 1/9/2021 o mesmo ,que se acepte a urxencia e se ratifique a súa inclusión na orde do día en aplicación do artigo 82.3 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro do mesmo sen ditaminar para posteriormente ACORDAR :

PRIMEIRO: Designar como días festivos no termo municipal de Arzúa de carácter retribuído e non recuperable, para o vindeiro ano 2022, os seguintes días: 1 de marzo martes de entroido e o luns 18 de xullo día do Carme.

SEGUNDO: Dar traslado dunha certificación do acordo á Xefa de sección do SMAC, da Xefatura territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, para que se proceda a inclusión dos dous días indicados como festivos de carácter local no Calendario Laboral do ano 2022.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Non habendo intervencións, o Sr. alcalde someteu a votación esta proposta, por unanimidade (6 votos a favor dos concelleiros/as AxA , 1 concelleira do PsdG-PSOE, 3 dos concelleiros/as do PP, 2 dos concelleiros /as do BNG e 1 do concelleiro de CxG) o Pleno **ACORDOU:**

PRIMEIRO: Designar como días festivos no termo municipal de Arzúa de carácter retribuído e non recuperable, para o vindeiro ano 2022, os seguintes días: 1 de marzo martes de entroido e o luns 18 de xullo día do Carne.

SEGUNDO: Dar traslado dunha certificación do acordo á Xefa de sección do SMAC, da Xefatura territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, para que se proceda a inclusión dos dous días indicados como festivos de carácter local no Calendario Laboral do ano 2022.

6.- ACLARACION ASPECTOS SOBRE INFORME CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA, INFORMACIÓN CONTRACTUAL 2018.

Explica o Alcalde:

-Que este punto foi incluído na orde do día do pleno a petición do BNG. Que o informe fai referencia a dous contratos: un contrato de mantemento da depuradora e o contrato da piscina, o concello de contas indica que ditos contratos non foron remitidos en prazo, porque o prazo remataba a finais de febreiro e a documentación foi enviada o 15 de abril.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

-Tamén fai referencia o consello de contas o contrato de mantemento da depuradora, que sobrepasa o importe límite dun contrato menor, trátase dun contrato que se tivo que facer de urxencia, quere lembrarlle que no 2018 aínda o concello non tiña administración electrónica e a lei xa obrigaba a sacar este tipo de contratos electronicamente, por iso se fixo ese contrato por urxencia para non deixar a depuradora sen mantemento.

-Con respecto o contrato da piscina o consello de contas indica que non foi remitido dentro do prazo e tamén había un prazo de tres meses para enviar o expediente de contratación en non se fixo.

-En 2018 estaban cun cambio de secretaria e aínda así se fixo o posible por enviar documentación, polo que viu no informe do consello de contas, hai un montón de concellos que o presentan en abril, outros que o presentaron en prazo e outros que nin siquera o presentan. Este informe no concello nunca se remitira ata esas datas e tamén agora funciona o portal de transparencia polo tanto fíxose un esforzo nese sentido.

A concelleira do BNG Lucía López Sobrado sinala que hai vintetrés contratos segundo informe do consello de contas que se adjudicaron directamente , e pide que na medida do posible se reduza o uso deste procedemento contractual.

*Contesta o alcalde:

- Gustaríalle primeiro ver os que fixeron a lei e os do concello de contas, que supón que serán coñecedores da realidade dos concellos e de como se pode manexar un



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

concello sen votar man dos contratos menores, sobre todo para servizos e subministros de menos de 15000 euros e no caso das obras menores de 40000 euros, se para cada contrato que se fai hai que sacar uns minipregos, o cal se está intentando facer, agora mesmo estivemos sacando uns cantos que se van publicar, pero outras veces xa non queda mais remedio que non publicar a contratación se queremos que a cousa funcione.

-Que nos subministros de mantemento ve imposible non xestionarlos como se están xestionando agora, porque se se necesita o arranxo do camiión do lixo, facer todo o procedemento que hai que facer levaríanos a algo peor.

-Que a lei no está ven feita, intentaron atar tanto que o final non queda mais remedio para que anden os concellos botar man dese tipo de contratos, que dentro do que se pode, acabamos de sacar agora por contrato menor a pintura da ruta do colesterol, as rúas do casco urbano e Fraga alta na Castañeda, o bacheo, son todos contratos menores que van con publicidade.

- Que o informe non está chamando a atención só a Arzúa, senón que o informe é a nivel xeral tanto para as Deputacións como os Concellos, dando un toque de atención nese sentido.

7. DACION DE CONTAS INFORMES ECONÓMICOS

7.1 INFORMES DE MOROSIDADE.

Dáse conta do periodo medio de pago global a provedores deste ultimo trimestre que sae en 9,46 días



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Remitiuse informe de morosidade, e así mesmo foi remitida información de execución trimestral das entidades locais do 2º trimestre de 2021.

7.2 INFORMES DE EXECUCIÓN TRIMESTRAL.

23/8/2021

Ejecuciones trimestrales de las Entidades Locales. Trimestre 2 - Ejercicio 2021



Ejecuciones trimestrales de las Entidades Locales. Trimestre 2 - Ejercicio 2021

Entidad Local: (16582) v.01.5-

10.34.251.72

Atención: recuerde que los cambios que haga aquí pueden afectar a otros formularios, como por ejemplo el Calendario y Presupuesto de tesorería.

F.1.1.1 Resumen Clasificación Económica

(Unidad: Euros)

No olvide pulsar "Enviar" antes de abandonar el formulario

VOLVER

IMPRIMIR

INGRESOS	Ejercicio Corriente				Ejercicios cerrados Recaudación Líquida (2)	Estimación Derechos Reconocidos Netos a 31- 12-2021	Desviación (B)/(A)-1	Observaciones
	Previsiones iniciales Presupuesto 2021	(A) Estimación Previsiones definitivas al final de ejercicio (1)	(B) Derechos Reconocidos Netos (2)	Recaudación Líquida (2)				
1 Impuestos directos	1.903.541,19	1.903.541,19	1.044.944,40	1.044.944,40	0,00	1.900.000,00	-0,45	
2 Impuestos indirectos	80.135,72	80.135,72	18.239,63	18.239,63	0,00	40.000,00	-0,77	
3 Tasas y otros ingresos	1.053.738,01	1.053.738,01	204.935,24	194.879,59	25.927,65	770.000,00	-0,81	
4 Transferencias corrientes	2.782.193,10	2.883.252,28	855.078,55	855.078,55	0,00	2.800.000,00	-0,70	
5 Ingresos patrimoniales	1.564,00	1.564,00	423,03	423,03	0,00	2.000,00	-0,73	
6 Enajenación de inversiones reales								
7 Transferencias de capital	1.189.827,98	2.125.396,26	22.230,96	22.230,96	0,00	900.000,00	-0,89	
8 Activos financieros	6.000,00	283.611,53	1.028,58	1.028,58	0,00	3.000,00	-1,00	
9 Pasivos financieros								
Total Ingresos	7.017.000,00	8.331.238,99	2.146.880,39	2.136.824,74	25.927,65	6.415.000,00	-0,74	
GASTOS	Ejercicio Corriente				Ejercicios cerrados Pagos Líquidos (2)	Estimación Obligaciones Reconocidas Netas a 31- 12-2021	Desviación (B)/(A)-1	Observaciones
	Créditos iniciales Presupuesto 2021	(A) Estimación Créditos definitivos al final de ejercicio (1)	(B) Obligaciones Reconocidas Netos (2)	Pagos Líquidos (2)				
1 Gastos de personal	2.250.093,45	2.331.500,44	815.831,03	779.736,34	38.271,24	2.000.000,00	-0,65	
2 Gastos en bienes corrientes y servicios	2.897.660,39	2.945.671,31	710.219,90	710.119,90	34.672,30	2.650.000,00	-0,76	
3 Gastos financieros	8.500,00	8.501,21	1.109,37	1.109,37	0,00	4.000,00	-0,87	
4 Transferencias corrientes	424.410,00	565.845,93	128.843,46	128.843,46	160.793,63	350.000,00	-0,77	
5 Fondo de contingencia y Otros imprevistos								
6 Inversiones reales	1.430.336,16	2.595.745,76	153.374,96	153.374,96	71.138,53	1.400.000,00	-0,94	
7 Transferencias de capital								
8 Activos financieros	6.000,00	6.000,00	0,00	0,00	0,00	3.000,00	-1,00	
9 Pasivos financieros								
Total Gastos	7.017.000,00	8.453.264,65	1.809.378,72	1.773.184,03	304.875,70	6.407.000,00	-0,79	

(1) Estimación Previsiones definitivas al final ejercicio - Presupuesto actualizado, incluyendo las modificaciones ya tramitadas y/o previstas tramitar hasta final de ejercicio
(2) Datos de ejecución acumulados a final del trimestre vencido

No olvide pulsar "Enviar" antes de abandonar el formulario

VOLVER

IMPRIMIR



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

8.- DACION CONTA DECRETOS

De conformidade co disposto no artigo 42 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros do decretos do alcalde dende o nº 402/2021 de data 26 de xuño de 2021 ata o nº 496/2021 de data 20 de agosto de 2021.

Antes de pasar a rolda de Rogos e Preguntas, pregunta o alcalde se en aplicación do artigo 91.4 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro, se algún grupo político desexa someter a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañou á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

O Partido Popular presentou nesta mesma data unha moción para que o concello inicie accións para recuperar o parque de asistencia do Rally Terra da Auga.

Indica o alcalde que primeiro ten que xustificar o motivo da urxencia e logo votarase

Explica o Sr. Rivadulla Varela:

- Que cando acaba un evento e son de carácter anual, o normal sería que os traballos da seguinte edición comence xa dende o día seguinte que acaba.
- No caso do Rally Terra de Agua habería que empezar os traballos cando acabou a edición deste ano, a día de hoxe que estamos finalizando agosto e vaise entrar en setembro, hai unha cousa principal para Arzúa e sería recuperar ese parque de asistencia, porque aínda que haxa aficionados que veñen a ver este tramo, non e o mesmo que cando hai un parque de asistencia, os aficionados, e xente que está traballando fan consumo en Arzúa, é sería unha fonte de ingresos bastante importante para a vila, hai hosteleiros que falaban que sacan tanto da



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

- festa do Queixo como do Rally.
- Hai que mobilizarse xa e facerse con ese parque de asistencia, o parque de asistencia non se pode facer como en edicións anteriores que se podía facer nunha superficie pequena con características caseiras, agora dende a organización pretenden que esto teña un futuro nun campionato RMC que é a nivel europeo, este ano pretendían ter unha clasificación preeuropea para a que lles esixían unha serie de requisitos, basicamente o parque de asistencia que non se daba aquí en Arzúa, o concello non dispoñía dun lugar onde ofrecer ese parque de asistencia e marchou o parque de Asistencia para Amio.
 - Hai que empezar xa a mobilizarse, porque entenden que non hai esa superficie e haberá que facela e buscar axudas, o que pretende o PP e que se empece xa, e por iso a urxencia desta moción.
 - Xa se vai tarde porque o normal sería ter empezado hai un par de meses, piden que o concello se mobilice e busque contactos para facer realidade a creación desta superficie, e empezar xa no mes de setembro a facer algo.

Manifesta o alcalde que isto é un ROGO clarísimo., e pasa a ler un informe do Valedor do Pobo que di: *“En cuanto a los ruegos se definen como el planteamiento de una propuesta de actuación dirigida a algunos de los órganos de gobierno municipal, no cabiendo duda que su objetivo es exponer alguna cuestión con el fin de que sea tomada en consideración por la corporación y se proceda atenderla por el servicio municipal correspondiente”* e logo vai pasar un informe dun secretario do concello de Peniscola, polo que vai votar en contra.

Tras o exposto o alcalde somete a votación a urxencia de tratar agora a moción presentada polo PP, por 7 votos en contra (6 dos concelleiros/as de AXA e 1 da concelleira do PSdeG-PSOE) 4 votos a favor (3 dos concelleiros/as do PP e 1 do concelleiro de CxG) e 2 abstencións dos concelleiros/as do BNG, non prospera a urxencia para ser tratada agora esta moción.

Manifesta o alcalde:

-Que quere facer unha reunión co resto dos concellos, porque ten un malestar porque se sentiu enganado e o resto dos concellos cre tamén pasa o mesmo, polo que a



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

reunión habería que facela para saber o que imos facer e en que condicións.

- Que membros da organización dixéronlle que nin siquera Amio cumpre ben coas condicións, polo que se ten que ter unha extensión de terreo como Amio para o Rally, por moitos beneficios que traia o concello, non sabe se tera esa capacidade.
- Que para el é mais prioritario mirar por un aparcadoiro definitivo.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

Indica o alcalde que vai responder as preguntas realizadas no pleno anterior:

***As preguntas realizadas polo BNG, responde:**

1. En relación as piscinas cuberta e descuberta: ¿cal é o horario de verán estipulado no contrato de xestión destas instalacións? ¿Sabe o alcalde cal é a data de apertura das instalacións da piscina descuberta que figura no contrato? ¿Sabe o alcalde cando abriu a piscina descuberta este ano 2021? ¿Sabe o alcalde se a empresa está cumprindo cos horarios estipulados no contrato? ¿Esta a empresa presentando os informes de mantemento que está obrigada por contrato e cal foi o último que presentou? ¿Esta a empresa cumprindo co plan de mantemento?

- Agora no verán houbo diferencias de horario con respecto o que está no contrato, dependendo do tempo, así que non repercutiu moito que abriaran as 12 ou a 13 h e por outro lado e tema Covid.
- Nestes momentos hai que ser un pouco comprensivos, el viu que as variacións non horario non eran tan importantes, nin el nin a empresa tivo constancia de ningunha queixa de usuarios.
- Si tivo unha pregunta dun pai que tiña anotados os fillos o Concilia e chamara para protestar e depaso preguntou cando tiña previsto abrir a piscina, a piscina tiña previsto abrirse nesa ultima semana.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

- En canto os informes de mantemento os pregos estipulan que os teñen que entregar anualmente, e o ultimo que se entregou e de data 20 outubro de 2020, e terian que entregar a finais de ano o correspondente a este ano.

2. En relación o chiringuito de Ribadiso: ¿ Que pasou ca licitación, xa que a comezos de maio o alcalde dixo que se ian poñer con ese procedemento?, gustarialles ter información de como esta ese asunto. ¿Ten vostede coñecemento dalgunha persoa ou persoas interesadas en optar a xestión desta instalación municipal que se dirixiran o concello? ¿Que obras se estiveron realizando no edificio do chiringuito?

- Rematou o prazo de presentación de ofertas e non se puxo ninguén en contacto con el para interesarse por esa concesión
- Realizáronse unhas pequenas obras de mantemento que habia que realizar na cociña e non sabe se algunha mais nos servizos, poñer algúns azulexos,

2. En relación as obras realizadas nas Ferverza das Hortas: ¿Xa foi certificada esta obra ou en que punto está?

-Non están certificadas, porque como xa comentara no anterior pleno que o que faltaba era a limpeza do estanque.

O concelleiro do grupo municipal do BNG Carril Ramos pregunta polo estado das obras da Ferverza das Hiortas criticando tras a súa visita na fin de semana o estado das mesmas, a altura do fieitos, a colocación do banco, a falta de paneis informativos e sinais .



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

A concelleira de turismo do grupo mixto Begoña Balado resposta que as rutas foron rozadas dúas veces, que están nestes días có dos paneis informativos que houbo xente que roubou sinais .

Roga o concelleiro o arranxo desa zona e o desbroce de feitos a saída da autovía.

- O Alcalde expón que o señor Carril mencionou o tema das rozas, as rozas este ano foron complicadas por dous motivos unha polo tempo e outra por unha baixa dun dos tractorista que aínda se prolonga a día de hoxe, e hai partes da ruta de senderismo que houbo que esperar a ter contratada a xente do PIL para que foran coa desbrozadora de man.

3. En relación as obras do parque infantil do casco urbán: ¿Cando se ten previsto o remate e a apertura do parque?

- Como xa vistes xa se abriu

4. Sobre un rogo que lle fixo o BNG no comezo este mandato sobre a instalación de desfibriladores nalgúns puntos de afluencia de persoas no noso concello: ¿Que actuacións se teñen levado a este respecto?

-Que estivo falando cunha empresa e a cuestión non é tan doada, chegoullo a comentar ao persoal do concello e tiñan certo medo a ser eles os responsables da utilización do aparato, por exemplo no campo de fútbol.

-Que será algo a retomar cara o ano que ven, se se van entrando na normalidade da actividade deportiva, incluso no camiño de Santiago, nas instalacións deportivas ve claramente quen ter que ser a persoa que se ocupe diso no camiño de Santiago no ve tan claro.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

5. En relación co servizo de limpeza e recollida de lixo: ¿ten vostede coñecemento de que o lixo está por fora dalgúns contedores, e chega a estar así ata 3 ou 4 días seguidos?, este problema no verán agravase polos cheiros que se xeran,¿ ten coñecemento de que hai rúas nas que o lixo campa as súas anchas polas beirarrúas e hai elementos que votan meses agardando que alguén os vaia a recoller, como o caso da rúa Xosé Neira Vilas cara o cemiterio ou na zona da praza de San Juan?. Sabemos que a veciñanza puxeráse en contacto con vde.para demandarlle isto e non recibiron atención pola súa parte. ¿Vai facer algo a este respecto?
- Ten coñecemento de que o lixo esta fora con frecuencia nos contedores que están o lado do praza, moitas veces é por non empregar outro tipo de bolsas ou a chave que teñen para meter as bolsas grandes polo lateral e deixanas fora, esta cansado de mandar recados.
 - Se houbo algún veciño da rua Neira Vilas que viñera a protestar non se lembra. A primeira noticia que tivo foi cando se fixo esta pregunta no pleno.
6. ¿Cando van comezar as obras da rúa Fraga do Rei?
-Mañá ven o tecnico para falar co técnico da empresa adxudicataria para mirar o plantexamento das obras que comezaran en setembro.
7. ¿Cando se van sacar a licitación as obras que hai pendentes do POS dende o ano 2018?
- Vanse ir sacando segundo se poida, esperamos dar un empuxón grande nos vindeiros meses, como xa ten explicado varias veces xa que houbo outras cousas que atender como foi o caso da administración electrónica e as licenzas que hoxe xa están bastante o día. Pero dende que se puxo en funcionamento o tema das plataformas un procedemento leva moitísimo tempo e da moito traballo



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

8. Sobre as obras que realizou o concello de Arzúa nunha finca no concello de Melide, sen licenza e sen autorización de patrimonio ¿houbo algunha resposta de patrimonio ó informe feito pola secretaria, no cal se recoñece que o concello obrou ilegalmente?

- Xa informara nun pleno, que van ter unha entrevista cos técnicos de Melide para intentar legalizalo se se pode.
- Que a actitud do BNG neste sentido deixalle moito que dexesar, vendo o que se fixo nalgúns temas como é a rua Rosalia de Castro, os lavadoiros de Oins, co local social de Oins, todas esas obras que se fixeron que non están no inventario de bens do concello, por esta finca armar isto por algo que estaban esperando non só os veciños de Boente senón do nucleo ese.

9. Hai mais dun ano fíxose un rogo sobre a pasarela do rio en Casaldoeiro, que o temporal arrastrou. Teñen información de que Augas de Galiza vai facer a limpeza do rio e van retirar esa pasarela ¿Este goberno ten pensado volver a colocala, construír unha nova, ou que ten pensado facer ao respecto?

- Cando volte o técnico de vacacións direille que vote un vistazo, e en todo caso pedirase permiso a augas para repoñelo

Respecto o Rogo de que se repartan os composteiros de forma xusta e con transparencia. Non se repartiron aínda, tiñamos pedido unha subvención para un técnico de medioambiente co concello de Boimorto e decidiron renunciar a ela como case todos os concellos, porque no mes de outubro xa tiña que ter varios meses traballados e non daba pe a contratalo

- Para outras cousas pero tamén para levar un seguimento de como se estan utilizando os composteiros queren contratar unha empresa e aparte que lle diga a xente como ten que utilízalos.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

*En relación co decreto 377/2021, relacionado co contratado para o derrubo do 6º andar. ¿Cal é a proposta da empresa para entrar nos pisos e locais?

- A empresa presenta un acta notarial de que hai veciños que non deixan entrar na vivenda, entón pídese autorización xudicial que é concedida e non se entra.
- A empresa pide a resolución do contrato e o concello denégallo, presentan recurso de reposición o cal se desestima.
- Caduca o permiso para poder entrar nas vivendas e volvese a pedir autorización
- A empresa agora foi o contencioso- administrativo para resolución do contrato.

2. En relación co decreto 291/2021, relativo a imposición dunha sanción tributaria ao Concello de Arzúa ¿Con que se corresponde esta sanción?

- E sobre a finca do aparcadoiro de Boente que non se autoliquidou o imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, porque o concello está exento, pero sí que había que remitir e presentar unha autoliquidación 0. Foi requirida o 7 de setembro de 2020 e contestaron o 10 de novembro de 2020
- A sanción foi por non presentar esa liquidación 0

Resposta preguntas PP.

1.¿ Como se vai a facer a partir de agora a recollida de cans?

- Asinouse esta semana un contrato con empresa Xea Xestión, para a semana que ven teran unha reunión con eles para ver o procedemento
- Hai veces que chaman por un can que os veciños xa teñen retido e pódese achegar a empresa a recollelo, outras veces o can aparece nunha via publica que teñen que recollelo os de mantemento ou policía local o cal levarase a nave que hai no campo da feira ata que o veña a recoller a empresa.
- A contratación da empresa tamén foi por contrato menor, e por uns meses que é o tempo que se permitia , este contrato é un contrato difícil porque non hai apenas



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

empresas que se adiquen a iso e tampouco se pode ir a contratar unha empresa a Finisterre porque cando dean chegado polo can xa é tarde

3. Que se faga un calendario para limpeza de fincas, e non só limpalas cando hai festa.

- O encargado de mantemento teno organizado así, nestes ultimos anos se contratou unha empresa para chegar a tempo e tamén tivemos a mala sorte de que un traballador colleu a baixa todo o veran. Tamén se tivo moita sorte coa empresa que se contratou porque traballou moi ben e os veciños quedaron contentos.

4. Modificación puntual do PXOM das fincas agrícolas, non sabemos agora en que punto esta.

Este punto xa o contestou a secretaria,. Di que lle gustaría que lle preguntara a conselleira, a todo o mundo lle estrana que se nos pida un procedemento ordinario e non o simplificado, e iso complica as cousas moitísimo, polo que cre que é unha manobra política bastante absurda. Incluso o estudio que preparou o tema lle resultou estrano.

Independientemente do traballo que coste, tense pensado seguir adiante.

5.¿Saber porque este ano o Concello non participou en FITUR?

Resposta a concelleira Begoña Balado que pola pandemia xa que foi celebrada en maio e non tiña sentido gastar para ir a pasear .Remata esta intervención indicando que si estiveron nas de Valladolid, Ourense, Barcelona e Silleda.

Tras as repostas dadas, o alcalde abre unha rolda de ROGOS e PREGUNTAS:

.-O concelleiro de CxG , Emilio García Vázquez PREGUNTA:



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

¿A contratación do bacheado, en vez de facer todo iso dos contratos menores, non podería facerse por decreto?. As estradas están bastante deterioradas e o rodamento dos coches corren perigo

Contesta o alcalde, que non se pode, o que se tiña pensado facer co tema do bacheo era poder contratar unha empresa que levara durante 2 ou 3 anos o mantemento das pistas, hai que facer pregos e facer un procedemento de contratación, o cal non se dou feito.

Pregunta o Sr. García Vázquez , se non existe algunha actuación de urxencia.

Contesta o alcalde que hai un procedemento de urxencia pero aínda así el non pode adxudicar a dedo.

.- O concelleiro de CxG, Emilio Garcia Vázquez fai os seguintes ROGOS:

1. Para cando se van dixitalizar as sesións dos Plenos, sería unha acción democrática, que a cidadanía poida ver a actuación dos elixidos para a política local.
2. Que se faga un organigrama nas instalacións deportivas con respecto ao uso dos baños e duchas. Fixose unha promoción turística do campo de fútbol, pero os baños están pechados
3. Cara o Xacobeo 2022 que se preve bastante afluencia de xente, que se fixera unha avaliación tanto do subministro de augas como alcantarillado, porque con moita demanda pode avariarse.

.-

.-O concelleiro do BNG, Xoan Xesus Carril Ramos formula os seguintes ROGOS:

1. Que no heliporto se pinte a sinal do centro, xa que non se pintou dende que se fixo, e iso facilita a aterrizar .



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

2. Que se declarara a Arzúa como concello libre de Glifosato, un herbicida que no resto de Europa e en moitos países xa esta prohibido. Estase usando e é moi perxudicial para as abellas.

Di o Alcalde que o concello xa está adherido a un acordo nesas termos.

4. A raíz da pandemia o aparcadoiro que hai debaixo do edificio da feira pechouse e segue pechado, pero son partidarios de que se abra en horario de mañá e tarde, tendo só a chave os traballadores do concello, e se non se abre pois tapar as sinais que indican aparcadoiro gratuito, porque moita xente non o sabe de dirixese alí e atopano cerrado.
5. Cando foi a pandemia estivemos a favor dos expendedores de xel hidroalcohólico, gustaríalles que estiveran nas mellores condicións, porque o que está en fronte a Abanca, levaba unha semana sen funcionar, hoxe funcionaba e estaba limpo, pero cada certo tempo hai que repoñer o xel e limpialos
6. Que non se deixen morrer as plantas que hai nas xardineiras, compráronse en campaña electoral e están morrendo todas por falta de rego, é unha magoa que se faga un investimento para poñer o pobo bonito e por falta de mantemento se deixen morrer e algo de limpeza viaria tampouco viria mal.
7. Que antes de certificar a ruta de sendeirismo, que retiren as sinais que están con cravos nas árbores, porque non se pode facer xa que está prohibido e o concello da mal exemplo e tamén se pode aproveitar para corrixir case toda a sinalización, algunha xa se correxiu a través das redes sociais, había nalgún poste tres sinais contradictorias. E unha deficiencia que teñen os tableiros e que unha ruta lineal nunca ten o mesmo nivel acumulado subindo que baixando.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

8. Fixeron ahí atrás unha proposta para que a valorara o equipo de goberno, que nos fixeran os veciños da praza de Galicia, sobre a fonte que hai , hoxe estaba en moi malas condicións, se non se considera cambiar o sistema de auga, polo menos limpiala cada certo tempo e facer un mantemento das fontes e lavadoiros que hai polo rural que están moitos moi abandonados.

.-O concelleiro do BNG, Xoan Xesus Carril Ramos, formula as seguintes PREGUNTAS:

-Antes dixo o alcalde que cando gobernou o bloque houbo obras que non se inventariaron, será certo ¿ A rúa do Cabelo e Catro Ventos desapareceron do inventario municipal? ¿No caso de desaparecer do inventario cal é a causa, xa que antes estaban?

- Unha pregunta para o concelleiro de medioambiente, que non sabe se tivo información dun vertido que houbo hai un mes na Fonte Santa, que non é a primeira vez que pasa, e non sabe cales foron as consecuencias, ¿ tivo consecuencias para a flora e fauna ou quedou en nada?

- A raiz da travesía N -547, en novembro de 2020 o grupo de goberno de Axa e PSOE anunciaron nos medios de comunicación a reforma da vía. No pleno telemático preguntaron sobre isto a concelleira do PSOE acusousenos de dicir que era un paripé, no anterior pleno volvemos a preguntar e a concelleira o PSOE, dixo que xa sabiamos nos o que se ía facer porque xa nos contestara o goberno do estado as preguntas de Ernesto Rego, nos medios de comunicación en concreto na Voz de Galicia parece unha nota, decindo que *“é un intento de burla a visita de Ernesto Rego ao noso concello ,dado que enterados que a subdelegada do goberno xa esta adaptando o seu proxecto para a reforma integral de toda a travesía...”*

Aqui esta a contestación do goberno, data saída 3 de agosto, así que no pleno anterior aínda non contestara, parecenos que esas cousas non están ben. A



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

resposta di “se encuentra en redacción un proyecto de mejora de firmes en dicha carretera, lo cual contribuirá a la viabilidad de dicha carretera. El proyecto contempla actuaciones dentro del caso urbano de Arzúa. La licitación y ejecución de las obras correspondientes que dependeran de las disponibilidades presupuestarias y de las prioridades que se exigen, estaran precedidas en todo caso por la finalización de la redacción del proyecto y su supervisión y aprobación”.

- 1º contestaron o 3 de agosto, 2º o proxecto está para redactar, 3º executarase dependendo das dispoñibilidades orzamentarias. E o goberno dixo que era un intento de burla a visita de Ernesto Rego a Arzúa e o goberno do estado participa desa burla.

- Preguntaran cales eran as actuacións que tiñan comprometidas e contestaron que cambiar os pasos de peóns... e nos medios de comunicación unha reforma integral, polo que ROGA que lles pasen a contestación da subdelegada do goberno para contrastar con isto.

-¿Cando se fixo o arranxo do teito da piscina, arranxaronse as máquinas que están deterioradas dende hai moitísimos anos?. Porque hai xente que usa moito esas instalacións, hai maquinas que levan moito tempo en mal estado, e pediran que se arranxaran hai un ano, e contestaranlle que se ía facer un pequeno arranxo das deficiencias que habia e das máquinas, e non se arranxaron as maquinas que eles teñan coñecemento

Di o Alcalde que agora están có arranxo do teito.

O Sr. Rivadulla Varela (do PP) pasa a facer os seguintes **ROGOS**:

1. Que a moción anterior relativa a que o concello inicie accións para recuperar o parque de asistencia do Rally Terra da Auga, trasladada como un rogo., para canto antes poñerse en marcha con esta cuestión



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

2. Que o concello de Arzúa faga unha petición a Deputación da Coruña para que actualice a taxa da ordenanza fiscal de axuda no fogar, porque está colgada a do ano 2013, e hai outra posterior de 8 de maio de 2014 hai un BOP que si contén a última taxa actualizada.
3. Que se recorten as árbores na avenida de Lugo, xa fixeran esta petición o ano pasado, pero están as ramas a escasos metros do chan non se pode pasar nalgúns puntos.
4. Poñer unha fonte e algún banco mais no parque infantil, nas entradas do parque habilitar unha zona na entrada para que os coches non a invadan e poida entrar un carrito ou unha cadeira de rodas.
5. Piden unha limpeza das rúas na zona que esta xunto a antiga casa de correos e o hotel Boutique, rúas Metre don Isac, Milagrosa e Convento, os barrendeiros por alí non pasan, non se vai rozar nada e se van e porque os chaman, xa algunhas concelleiras de aquí recoñeceron que no habían estado nunca por alí.
6. Arranxo da fochanca da pista que vai cara a igrexa en Oins a estrada que vai para Pontecarreira, o ano pasado a concelleira de obras dixo que xa se poría con iso, hai queixas de veciños da zona e dos que van de Boimorto hacía Santiago. Na relación de decretos que se pasou para este pleno aparece unha relación de camiños que se van arranxar, pero ese punto en concreto non aparece reflectido no plano
7. Unha zona da Casa Beatriz, onde hai un cobertizo o lado que non é nada positivo para os rapaces, as cousas que fan cando se reunen alí e o que consumen, fan destrozos na zona, ameazas a persoas que pasan por alí, subense os coches e a xente está cansada desta cuestión, o concello ten que mediar neste asunto e tirar o cobertizo, acondicionar a zona e pedir a policía local e garda civil que se interese un pouco e ir por alí de cando en cando.
8. Informatizar un pouco mais o que é o acceso ás instalacións deportivas, porque a organización e bastante deficitaria, un caso lamentable son as pistas de padel, xa que a persoa responsable vive en San Martiño, e como o concello non quere solicitar axudas para poñer telefonía mobil, e non pode atender as chamadas, polo que non é unha maneira moi facil de acceder as instalacións deportivas.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Contesta o alcalde.

- A xente pretende ir a xogar cando lle apetece, para as pistas de padel hai un horario o cal se lle dixo o empregado que as leva.
 - A xente mandanlle a el Wappsat e el contestalles, que non é o horario e que teñen que avisar con mais antelación. Hai moita demagogia coas instalacións deportivas. Poñerlle pegas o traballador, algunha terá, pero en adicarlle horas o traballo non.
 - Que hai unha ordenanza e se segue a ordenanza vai ser peor, porque a ordenana indica que hai que pedilo cunha antelación de 15 días.
9. Fixera recentemente a petición do inventario de camiños municipais, hai unha fonte en Dombodan (Gomesende) houbo mais dunha petición ao concello por parte dos veciños que querían trasladar dun punto a outro, a fonte xa non se ve, e a excusa que poñía o concello era que non era de titularidade municipal, o concello se quere pode facer realidade estas peticións dos veciños.

PREGUNTA o Sr. Rivadulla Varela do PP:

- 1.¿ o concello é consciente que hai problemas de saneamento na rúa Ramón Franco, hai algo previsto para solucionarlos?
2. O contrato da recollida de cans, xa comentaran eles no seu día de que había unha oferta que non interesou o concello, por un importe inferior a un contrato de 15.000, o concello vai gastar mais nese servizo que se fixera caso da oferta inicial.
- 3.sobre o tema da doazón das obras de arte que non saben nada sobre ela, non sabe se o concello ten pensado algo
4. A depuradora de Ribadiso, xa que se vai facer unha obra alí, vaise deixar algunha conexión, xa que hai varios verquidos.
5. O tema do edificio do Praza, as actuacións do concello con respecto a iso que preferían non meterse en nada ,non fora ser que deran cos ósos no cárcere, pois tamén a inacción por non deixar facer obras de mantemento podería ter as súas consecuencias.

O alcalde e os compañeiros o mellor non caen polo tema do praza, pero o mellor por un tema de protección de datos de carácter persoal, o alcalde é responsable da área de



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

benestar social e presidente dalgunhas mesas de contratación, como é o caso da contratación do servizo de axuda no fogar. Non sabe se o concello é consciente, o 21 de maio deste ano publicábase na plataforma de contratación do sector público, por parte da alcaldía que e o organo contratante un documento "nomina maio de 2021 ",de 32 paxinas con datos (dito documento pasao os demais concelleiros), na parte de abaixo aparece o nome do traballador/a, querían comunicarllo o concello pero constalle que hai unha denuncia ante a Axencia Española de protección de datos, e como hai unha denuncia en marcha, iso vai ter consecuencias para o concello, a axencia de protección de datos a veces aplica as sancións maiores que en outro tipo de delitos que entenden que serían mais graves ¿O concello é consciente desta situación? ¿Ten pensado facer algo o respecto? Non sabe se a axencia lle comunicou algo o concello, supón que aínda non, hai que ver que esa denuncia teña continuidade porque ao mellor a axencia denega a tramitación e quedaría en nada.

Pero a publicación destes datos pode acceder calquera persoa en calquera parte do mundo, e hai unhas persoas que serían as afectadas.

Polo concelleiro Rafael Rivadulla repártese entre todos/as os concelleiros/as presentes no Pleno municipal unha copia dunha nómina que manifesta ser a publicada na Plataforma de contratación do Estado na que aparecen datos non anonimizados dunha traballadora no recibí.

As 22:06 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Arzúa, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

O alcalde, José Luis García López	A secretaria, Rebeca Vázquez Vázquez
--------------------------------------	---